



A Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, coa finalidade de honrar e distinguir aos deportistas do municipio que, nas distintas modalidades deportivas, máis se destacaron ao longo do ano, creou os.

“PREMIOS ANUAIS Á/O MELLOR DEPORTISTA LOCAL”

A elección das/os deportistas acredores a estes premios durante a tempada 2016/17 ou ano 2017 rexerese polas seguintes:

NORMAS

PRIMEIRA.- Cada Entidade, Asociación Deportiva ou persoa individual, propondrá os candidatos que, ó seu criterio, sexan acredores á distinción a nivel local. Coa proposta acompañarán unha memoria explicativa dos méritos deportivos que concorran en cada un dos candidatos, e todas aquelas circunstancias que, a nivel deportivo e persoal, aconsellen efectuar a mesma.

As propostas deberán sinalar os datos acreditativos que correspondan á Entidade, Asociación ou, no seu caso, persoa individual que propón, así coma os que correspondan ó candidato proposto.

SEGUNDA.- Poderán ser propostos como candidatos todos as/os deportistas naturais de Vilagarcía de Arousa, residentes nela ou federados en clubs vilagarcíans polo menos, durante un período de 5 anos anteriores á data da proposta, nos dous derradeiros casos.

TERCEIRA.- Cando unha/un deportista acade en tres anos consecutivos ou cinco anos alternos o Premio de “Mellor Deportista Local do Ano”, será nomeado deportista Vilagarcían de Honra, unha vez optada está distinción, xa non poderá ser proposto como candidato.

As persoas que acaden este nomeamento, poderán si o desexan formar parte do xurado e terán unha consideración especial no lugar e tratamento da FESTA DO DEPORTE e, demais actos desta Fundación.

CUARTA.- As distintas Entidades, Asociacións Deportivas ou particulares, deberán presentar no Rexistro da Fundación de Deportes do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, no prazo do 9 ao 30 de abril de 2018, ambos inclusive, a proposta de candidatas/os, acompañada do curriculum de méritos de cada un deles e a memoria explicativa na que se basea a proposta.

Na Oficina da Fundación de Deportes facilitarase o modelo de proposición que se acompaña coas NORMAS no caso de que necesitasen algún máis.

QUINTA.- Para designar “A/O MELLOR DEPORTISTA LOCAL”, nomearase un xurado que designará o Consello Reitor da Fundación de Deportes, entre persoas coñecedoras do mundo do deporte, actuando como presidente o da Fundación de Deportes, ou membro da mesma en quen delegue, e como secretaria a da Fundación de Deportes, ou empregado municipal do Concello en quen delegue.

Composición do Xurado:

- Presidente da Fundación de Deportes ou membro da mesma en quen delegue
- Presidente do Consello Consultivo ou membro da súa directiva en quen delegue
- Director Deportivo da Fundación de Deportes
- Unha/un membro do Consello Reitor da Fundación de Deportes
- Antón Paz Blanco, como Deportista Vilagarcían de Honra
- Un/ha adestrador/a, árbitro ou deportista en activo Local
- Un/ha periodista dos Medios de Comunicación do ámbito deportivo
- Secretaria da Fundación de Deportes ou empregado municipal do Concello en quen delegue

E dous suplentes dos membros do Xurado, entre persoas coñecedoras do mundo do deporte.

O dictame do Xurado, así coma a composición do mesmo, farase público e darase a coñecer a través dos medios de comunicación e participarase ás distintas Entidades ou Asociacións Deportivas e candidatos finalistas.

SEXTA.- O Xurado designará entre as/os deportistas propostas/os á/ao que, polos seus méritos, considere como máis destacado na tempada 2016/17 ou ano 2017, nominando a/o “MELLOR DEPORTISTA LOCAL DO ANO”.

SÉTIMA.- O Xurado ten a facultade de, no caso de que chegase algunha proposta fóra de prazo, por circunstancias especiais debidamente xustificadas, tomar en consideración, ó seu xuízo, a mesma. Asemade, o Xurado poderá propoñer Candidatos ata 10 minutos antes do comezo da sesión.

OITAVA.- Concederanse os seguintes premios:

- Premio á/ao “MELLOR DEPORTISTA LOCAL DO ANO”
- Premio a finalistas, ata un máximo de cinco, a xuízo do Xurado.
- As mencións especiais que o Xurado considere oportunas.
- Os premios poderán ser declarados desertos.

NOVENA.- O Xurado terá en conta os logros conquistados durante a tempada pola/o candidata/o e a súa actuación global.

PREMIO “A/O MELLOR DEPORTISTA LOCAL” poderá ser outorgado aos Deportistas, Equipos, Adestradores, Técnicos, Preparadores ou Arbitros, que pola súa traxectoria se distinguiran na súa categoría.

Terase en conta a aqueles deportistas que acadaron unha excepcional actuación, merecente de ser salientada pola súa importancia e que ao longo do ano se distinguiran pola súa dedicación ao deporte.

Terase igualmente en conta ao deportista que máis adversidades, no seu caso, sufrise durante o ano. O Xurado tamén tomará en consideración a aqueles deportistas-adestradores e monitores, valorando a traxectoria individual do técnico e o rendemento do seu equipo. Poderán aspirar ao premio tamén aqueles árbitros que se destacasen polo seu bo labor.

Terase moi en conta a deportividade amosada polos aspirantes ao longo do ano. O Xurado terá a facultade de verificar aquelas memorias presentadas e datos dos propostos, que considere oportunos.

MENCIONS ESPECIAIS, que potestativamente pode conceder o Xurado:

- **DIRECTIVOS/COLABORADORES:**

Pódese conceder entre aqueles directivos de Club ou Federación, ou colaboradores

destas entidades, que pola súa dedicación ao deporte e capacidade, sobresaísen e se distinguiran ao longo do ano.

- ADESTRADOR/MONITOR/ARBITRO:

Pódese conceder entre aqueles adestradores, monitores ou árbitros, que pola súa dedicación ao deporte e capacidade, sobresaísen e se distinguiran ao longo do ano.

- TRAXECTORIA DEPORTIVA:

Pódese conceder entre aqueles deportistas, adestradores, monitores, árbitros, directivos ou colaboradores, que destacasen pola súa dedicación ao deporte ou traxectoria deportiva.

- INSTITUCIONS/EMPRESAS:

Pódese conceder entre aquelas Institucións, Empresas ou personaxes, que fixesen unha especial aportación ao deporte local, axudando economicamente ou socialmente, ao seu desenvolvemento.

- PERIODISTAS/MEDIOS DE COMUNICACION:

Pódese conceder entre os periodistas deportivos ou medios de comunicación, que destaquen pola súa labor profesional na difusión do deporte local.

DÉCIMA.- A entrega de premios e Mencións efectuarase no transcurso da “FESTA LOCAL DO DEPORTE”, que a tal efecto se organizará pola Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais, facéndose público no curso da mesma o nome da/o “MELLOR DEPORTISTA LOCAL”, da tempada 2016/17 ou ano 2017.

Vilagarcía de Arousa, 28 de marzo de 2018

O PRESIDENTE DA FUNDACIÓN DE DEPORTES

Asdo.: Argimiro Serén Mera

